Fíos de amor

Estrofas **G – D – Em – Em**
Retrouso **G – D – Em – Bm – C – G – Am – D**

Estrofa 1
G – D – Em – Em
Eran tempos todos eles
Nos que cun fío cosías
Un amor detrás de outro
Poucos intres persistían

Estrofa 2
G – D – Em – Em
Ben sabías, ben sabías,
Sempre onde te metías
Pois ás veces coa mirada
Sen sabelo seducías!

Estrofa 3
G – D – Em – Em
Noites eran, lúa chea,
Mais estrelas non cabían
E de pronto percatabas,
Coma a alma transformabas!

Estrofa 4
G – D – Em – Em
Non podías, non debías,
Facer tantas tolerías,
Foron noites de xuntanzas
Quen puidera noutras vidas!

Retrouso
G – D – Em – Bm – C – G – Am – D
Fíos de amor, fíos de vida,
fíos que veñen, fíos que van,
fíos que un día se tecían,
e pouco a pouco se desfán.

Estrofa 5
G – D – Em – Em
Eran mozas todas Elas
Que na Esmorga acontecían
Pois tan só cun fío de la
Un bico faise notar!

Estrofa 6
G – D – Em – Em
Ten coidado polas noites
Non os vaias perder
Pois os amores de fío
Uns intres os vas a ter!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 7
G – D – Em – Em
Quedan fíos de lembranzas
Que só de Noite pasaron
Ti contabas e contabas
Os fíos de amor que levabas!

Estrofa 8
G – D – Em – Em
Fíos de amor duns minutos
Outros apenas segundos
Mais a troula regresaba
Cando menos o esperabas!

Estrofa 9
G – D – Em – Em
Fíos de amor dalgún día
Que ao ver as súas puntadas
Nese intre xa sabías
Que aquilo xa rematara!!!

Retrouso
Repite o retrouso completo.